



Facer palabras

O sentido desta actividade é facernos conscientes de moitas nosas actitudes, como un primeiro paso para propoñernos cambiar. E a miúdo, non somos conscientes de que debemos saír do noso egoísmo, e dar o paso de axudar a outros/ as, cooperando para que as cousas saian mellor. Todo isto pode ser vivenciado nesta actividade.

Recortar as letras coas que se forman as seguintes palabras, relacionadas co tema que propoñemos traballar ao longo deste ano:

maternidade, xustiza, educación, igualdade e respecto.

Son en total: 6A, 5D, 4I, 6E, 3U, 3C, 3T, 2N, 2O, 2R, 2S, 1G, 1L, 1M, 1X, 1Z e 1P. Estas letras deben gardarse desordenadamente en cinco sobres, de xeito que ninguén poida facer directamente unha palabra coas letras da súa sobre. Dividirase aos alumnos en grupos de polo menos 6 persoas, de xeito que cinco fagan palabras e o resto actúe de observadores/as. No caso de que non sexan exactos, ampliar o número de observadores/as por grupo. Por tanto, deben prepararse tantos grupos de cinco sobres, como grupos de alumnos vaian crear na clase e as follas para os/as observadores/as.

Dividir a clase en grupos. Os/as “xogadores/as” deberán colocarse ao redor dunha mesa. Mentres se sitúan, repartir aos/ as observadores os sobres do seu grupo e a súa folla, e pedirilles que lean atentamente a folla de observación comprobando se entenden ben todo o que deben facer.

Unha vez que todos se sentaron, e cos observadores de pé xunto á súa mesa, infórmase do que deben facer:

“Váisevos a entregar un sobre, onde atoparedes letras coas que debedes construír unha palabra das que están apuntadas na lousa. As regras son catro:

- *Cada persoa debe construír a súa palabra en silencio e sen realizar ningún xesto.*
- *Non se poden pedir nin quitar letras a outros, o único medio de obter letras é que outra persoa chas dea.*
- *Pódense dar letras aos outros integrantes do grupo, pero sen colocalas.*
- *Cando remata cada un, queda en silencio e sen facer xestos aos demais. A tarefa do grupo acaba cando todos os seus integrantes rematen as súas palabras.*

Os observadores están para verificar que dentro do grupo se compren as regras”

Unha vez que todos, xogadores e observadores, entenderon as instrucións, os observadores entregan un sobre a cada xogador, pedíndolles que non se abra ata que se dea o sinal.

Unha vez concluído o xogo pódese reflexionar con preguntas como estas:

Os xogadores

- Expresar como se sentiron durante o desenvolvemento do xogo
- Comentar cales foron as dificultades atopadas, como se superaron e que posturas axudaron a superalas ou cales entorpeceron.
- Se cren que os integrantes do grupo colaboraron adecuadamente entre eles.
- Que sentiron ao ver que non podían facer unha palabra.
- Se lles resultou fácil compartir as letras cos demais.



Os observadores

- Comentar as actitudes que atoparon, as que máis se repetiron.
- Sen nomear as persoas en concreto, dicir se se atoparon actitudes xenerosas.

Todos/as

- Consideran que foron xenerosos uns/unhas con outros/as?
- Que aprenderon sobre ese valor?



Anexo

Pautas para os/as observadores/as

Mentres se desenvolve o xogo, os/ as observadores/ as en ningún momento podeades axudar ou suxerir nada ao grupo.

A vosa misión durante o xogo é:

- Comprobar que se compren as normas:
- Que os/as membros do grupo non falan nin fan ningún xesto.
- Comprobar que non collen letras aos demais nin as piden de ningunha maneira (poden dar cantas letras propias consideren, pero sen colocalas).
- Cando terminen unha palabra, quedan en silencio sen axudar a outros.

Debedes:

- Tomar nota do comportamento dos/as integrantes:
- Buscar sobre todo detalles de xenerosidade cara aos demais.
- Relacións do grupo: Cooperación, Indiferenza, Competición.
- Actitudes (positivas ou negativas) e participación no xogo.